

PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR



 meniños

ÍNDICE

1. Presentación da Directora Xeral.....	4
2. Presentación da Entidade.....	6
3. Contextualización do Servizo.....	13
3.1 Denominación.....	17
3.2 Período de Funcionamento.....	17
3.3 Ámbito Territorial.....	18
3.4 Persoas Beneficiarias do Programa.....	18
3.5 Obxectivos.....	19
4. Casos Atendidos no 2019.....	22
4.1 Nenos, nenas e adolescentes atendidos en integración familiar.....	22
4.2 Nenos, nenas e adolescentes en lista de espera para o PIF a 31/12/2019.....	24
4.3 Datos área de reunificación familiar.....	24
4.4 Datos área de preservación familiar.....	26
4.5 Datos área de funcionalidade familiar.....	28
5. Características da poboación atendida: perfil.....	31
5.1 Idade das persoas referentes familiares.....	31
5.2 Número de fillos e fillas.....	31
5.3 Idades dos nenos e nenas cos que se traballou.....	31
5.4 Estructura familiar.....	32
5.5 Nivel formativo das persoas referentes.....	32
5.6 Situación laboral.....	32
5.7 Ingresos da unidade familiar.....	32
5.8 Profesións das persoas adultas de referencia.....	33
5.9 Vivenda.....	33
5.10 Motivo da intervención.....	34
5.11 Historia de vida das persoas referentes.....	34
6. Actuacións e proceso de intervención.....	36
6.1 Premisas teóricas do proceso de intervención.....	36
6.2 Proceso de intervención.....	39
6.3 Actuacións.....	42
6.4 Accións formativas e divulgativas.....	43
7. Resultados obtidos no 2019.....	47
7.1 Área de reunificación familiar.....	47
7.2 Área de preservación familiar.....	48
7.3 Área de funcionalidade familiar.....	49
7.4 Análise de resultados.....	50
8. Calidade.....	52
8.1 Proxecto de medición.....	52
8.2 Resultados.....	52
9. Innovación.....	54
10. Recursos empregados.....	55
11. Valoración global dende o inicio do programa.....	56
11.1 Resumo de resultados históricos en reunificación familiar.....	56
11.2 Resumo de resultados históricos en preservación familiar.....	57

1. PRESENTACIÓN DA DIRECTORA XERAL

"CONSTRUÍNDO NOVAS REALIDADES"

Render contas nesta memoria é para nós, non só un acto de responsabilidade, senón sobre todo un motivo de emoción e satisfacción profesional ao poder trasladarvos en cifras e palabras as experiencias de oportunidade e cambio que teñen vivido os nenos, nenas e familias coas que traballamos.

Isto non é doado, pois as palabras e as cifras permiten escasamente expresar sentimentos, desexos, esforzos, acertos e erros e en definitiva, reflectir verdadeiramente as experiencias de cambio que teñen vivido as persoas coas que temos traballado.

Porén, esta memoria si debe de ser ese fío inspirador do que tirar para acertar a comprender o delicado nobelo que compón a complexidade do traballo na protección á infancia.

Por iso, esta presentación quere comezar dado todo o protagonismo aos nenos e nenas que teñen dereito a ser protexidos e ao sistema de protección que vela por esa protección, artellando programas como o que aquí expoñemos, o programa de integración familiar.

Sempre é un bo momento para recordar a responsabilidade compartida de protexer á infancia, situando aos nenos e nenas como suxeitos de pleno dereito, non como meros obxectos de protección. Detrás de cada actuación, de cada cifra, de cada dato desta memoria hai un neno e unha nena e un entusiasta equipo de profesionais, do que formades parte indispensable todas as persoas que agora tendes esta memoria nas vosas mans. Desexo que a través dela vos sintades orgullosas da magnitude do voso poder transformador.

Meniños, como parte do sistema de protección, expón nesta memoria a súa misión transformadora, que non é facer realidade os sonhos dos nenos e nenas, senón darlles unha realidade que lles permita soñar. Nenos, nenas e familias necesitan unha oportunidade para cambiar as súas realidades e poder soñar, ter aspiracións e loitar por elas.

Todas as persoas e entidades que formamos parte do sistema de protección somos a canle para facer posible esa transformación da súa realidade.



No ano **2019** traballamos con **365** nenos e nenas e con **201** familias, **93** na área de preservación, **74** na área de reunificación e **34** na área de funcionalidade.

Finalizamos a intervención con **67** nenos e nenas en preservación, dos cales **54** puideron continuar vivindo na súa contorna familiar en condicións de seguridade e afecto, **38** nenos e nenas en reunificación, dos cales **18** puideron retornar á convivencia familiar e **25** na área de funcionalidade familiar, conseguindo a recuperación dun funcionamento parental mínimo en todas as familias.

Grazas a todas as persoas e institucións que formades parte do sistema de protección e de coidados en torno á infancia, pois todas conformades a oportunidade para que nenos, nenas e familias poidan cambiar a súa realidade e continuar proxectando as súas vidas en positivo.

GRAZAS.

2. PRESENTACIÓN DA ENTIDADE

Fundación Meniños ofrece servizos de intervención familiar de calidade contrastada para nenos, nenas e adolescentes en situación de dificultade social e promove o seu dereito a medrar nun contorno familiar que asegure o seu benestar e desenvolvemento integral; intervindo, investigando, difundindo coñecemento, innovando sobre a súa atención e favorecendo a participación doutras persoas e entidades na promoción dunha cultura do bo trato á infancia e á adolescencia.

Somos unha entidade de acción social sen ánimo de lucro, especializada no ámbito da infancia e da adolescencia cun traballo orientado a garantir o dereito a vivir en familia.

Desenvolvemos este labor directamente a través de programas especializados de intervención familiar de carácter psico-socio-educativo e terapéutico, e programas de prevención e educación, e indirectamente a través da investigación e a innovación na atención ás necesidades emerxentes na infancia e na adolescencia en dificultade social e a difusión de coñecemento, aproveitando ao máximo as sinerxías entre os diferentes axentes dos sistemas de protección, de educación e de saúde, en torno á persoa.

Actuamos cun enfoque positivo e valorativo das persoas, establecendo unha relación de axuda xenuína, respectuosa e colaboradora que as axude a volver crer nas súas competencias e habilidades, conectando aos pais e nais cos seus propios procesos de crianza para comprender e conectar cos fillos e fillas e vinculando as familias coas súas comunidades, tecendo redes formais e informais de apoio entre as persoas.

En Meniños esforzámonos cada día por amosar que os nenos e as nenas non son un asunto privado, as súas necesidades e dereitos compétenos a toda a sociedade, pois a infancia é un período transcendental da vida que condiciona as posibilidades de desenvolvemento pleno do ser humano. Dispor dun fogar que proporcione seguridade emocional e física é a necesidade máis básica para un desenvolvemento san e positivo.

A través do noso traballo, aspiramos a converternos nunha organización de referencia no campo da intervención familiar, contribuíndo á transformación social: nenos e nenas protexidas, construíndo o seu presente e garantés do seu futuro, familias sas, protectoras, produtivas e partícipes da sociedade na que viven e sociedades fortes, cohesionadas, solidarias, motores de cambio e crecemento sostible.

No noso **novo Plan Estratégico 2019-2021**, destacan as seguintes liñas estratéxicas:



• INTERVENCIÓN FAMILIAR:

A nosa actividade principal é a intervención familiar con nenos, nenas e adolescentes e as súas familias, situando como prioridade o interese superior da persoa menor de idade, buscando responder á necesidade máis básica e fundamental para un desenvolvemento san, especialmente na primeira infancia, de dispor dun fogar que garanta a seguridade emocional e física.

Actuamos desde unha perspectiva ecosistémica, ao entender ás familias dentro do contexto comunitario e sociocultural do que forman parte, cun traballo que se centra nos recursos e nas posibilidades das persoas, que as axude a recuperarse e proxectarse de forma positiva no futuro, fomentando a súa autonomía e responsabilización, dentro dun marco integrador e xerador de sinerxías conectado coa rede de apoio natural e formal das familias.

Neste novo período de planificación estratéxica, identificamos as liñas de actuación indispensables para levar adiante a nosa misión e os obxectivos que queremos lograr en cada unha delas, mantendo o traballo nas áreas de actuación consolidadas, á vez que abrimos novos horizontes de intervención en consonancia coas necesidades sociais identificadas.

• SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA SOCIAL PROPOSITIVA:

Implicados na construción dunha sociedade comprometida coas necesidades e dereitos da infancia e das súas familias, unha liña de actuación fundamental debe pivotar no labor de incidencia social, influíndo nas políticas públicas dirixidas á defensa e á promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia en situación de dificultade social.

Ademais, debemos de favorecer a implicación da sociedade civil na construción dunha sociedade ben tratante para a infancia e a adolescencia, a través do desenvolvemento de accións preventivas, educativas e divulgativas.

• ESTABLECIMENTO DE ALIANZAS:

A nosa concepción da acción social como unha acción transformadora, que persegue a mellora da calidade de vida da infancia e da adolescencia e das súas familias, impúlsanos claramente a continuar promovendo os vínculos entre as institucións e as organizacións que permitan que o terceiro sector gañe forza e dimensión.

• COÑECEMENTO, INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN:

Xerar coñecemento, avaliar programas e incorporar melloras que permitan reforzar a nosa misión, completala e consolidala, coa guía e o control científico de persoal experto universitario.



A NOSA EXPERIENCIA EN INTERVENCIÓN FAMILIAR

Fundación Meniños conta cunha traxectoria de 23 anos desenvolvendo programas de protección á infancia en Galicia, Asturias e Madrid, colaborando coas institucións e Administracións Públicas no desenvolvemento das políticas de protección á Infancia, a través de programas especializados de intervención familiar. O noso coñecemento e as nosas actuacións están baseadas na experiencia acumulada na prestación dos seguintes servizos:

- 1. PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR** (Galicia)
- 2. PROGRAMA DE ATENCIÓN FAMILIAR** (Pontevedra)
- 3. PROGRAMA DE ACOLLEMENTO TEMPORAL** (“Familias Paraugas”, Comunidad de Madrid)
- 4. PROGRAMA DE ACOLLEMENTOS E ADOPCIÓNS ESPECIAIS** (“Se Buscan Abrazos”, Principado de Asturias)
- 5. PROGRAMA DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO** (A Coruña e Pontevedra)
- 6. PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR** (A Coruña e Pontevedra)
- 7. PROXECTO BRÚJULA** (A Coruña e Vigo)
- 8. PROGRAMA DE ATENCIÓN PRENATAL E PERINATAL** (Santiago e Vigo)
- 9. PROGRAMA DE ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE ABUSO SEXUAL** (Galicia)
- 10. PROGRAMA DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS VÍTIMAS DE ABUSO SEXUAL** (Galicia)
- 11. PROGRAMA CAIXA PROINFANCIA** (Galicia)

XERACIÓN DE VALOR SOCIAL E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO. INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

Experiencia en investigación e innovación en colaboración coa universidade

Traballamos en estreita colaboración, a través de convenios específicos con diferentes universidades, co obxectivo de manter unha liña de investigación e innovación nos nosos proxectos que nos permitan avaliar os resultados dos nosos programas, optimizar a calidade e eficiencia destes e desenvolver novas prácticas de intervención acordes coas novas necesidades emerxentes. Esta colaboración permitiu desenvolver varios estudos e protocolos de intervención sobre infancia e adolescencia en dificultade social:

- **Avaliación de resultados en el Programa de Integración Familiar de Fundación Meniños (2009):** unha investigación pioneira no noso país, que recolle os resultados obtidos no Programa de Integración Familiar desenvolvido en Galicia durante o período 1994-2004. Dispoñible para a súa consulta na páxina web: https://www.meninos.org/publicaciones_tecnicas_es.html

- **Manual de intervención para adolescentes e familias en conflito:** é unha guía de intervención familiar dirixida a profesionais que traballan con familias con adolescentes en situación de conflito, confeccionada cunha dobre orientación: ofrecer unha guía práctica de tratamento para estas familias, fundamentada nas evidencias acumuladas na investigación e nos resultados das nosas experiencias de intervención, que permita o tratamento directo coa poboación destinataria e tamén a formación e adestramento de calquera profesional que traballe con este colectivo, pois ofrece unha formulación da terapia familiar que calquera profesional podería incorporar (total ou parcialmente) ao seu contexto e estilo de traballo. En colaboración coa UIICF da UDC. Dispoñible para a súa consulta na páxina web: https://www.meninos.org/publicaciones_tecnicas_es.html

- **Guía de intervención: “Impacto de la violencia de Género sobre niños, niñas y adolescentes (2012)”:** unha guía de tratamento para a infancia vítima de violencia de xénero, que centra a intervención nas necesidades da infancia sometida a situación de violencia de xénero e no seu axeitado tratamento, froito dunha colaboración co Goberno de Azores e a Universidade da Coruña. Dispoñible para a súa consulta na páxina web: https://www.meninos.org/publicaciones_tecnicas_es.html

- **Programa de Integración Familiar: investigación para la validación y optimización (2018):** un traballo de revisión, validación e optimización do programa á luz do enfoque socioeducativo de mellora das competencias familiares: https://www.meninos.org/publicaciones_tecnicas_es.html



PREVENCIÓN E EDUCACIÓN: promoción dunha cultura do bo trato á infancia e do exercicio dunha parentalidade positiva.

Dedicamos importantes recursos e esforzos á creación de materiais de carácter educativo e preventivo dirixidos aos nenos e nenas de educación infantil e primaria, para traballar a través dos colexios e entidades de tempo libre na construción dun ambiente familiar positivo, protector e dador de bo trato, contribuíndo ao exercicio dunha parentalidade positiva e á promoción de actitudes de solidariedade, responsabilidade e participación no coidado á infancia.

Estes materiais distribúense de forma completamente gratuíta e están accesibles para todo o público a través da páxina web <http://www.mundodemilu.org>, un portal educativo deseñado especificamente para o público infantil co obxectivo de achegar aos nenos e nenas e ás persoas que desenvolven labores educativos os contidos educativos e preventivos de MENIÑOS.

Compromiso e Responsabilidade Social

MENIÑOS ofrece ás institucións, administracións, empresas e sociedade en xeral a posibilidade de colaborar nestas iniciativas, coa vocación como Fundación de ofrecer unha vía á participación activa no coñecemento e defensa dos dereitos da infancia e a adolescencia e co convencemento de que a ambición da nosa misión require a participación e a colaboración de todas e todos. Conscientes de que o exercicio da responsabilidade social esixe a máxima transparencia e rigor, MENIÑOS somete o labor da Fundación ás auditorías económicas e de boas prácticas que mostran o adecuado funcionamento da organización en todos os seus proxectos:

1. TRANSPARENCIA: AUDITORÍAS E CERTIFICACIÓNS

- Auditoría económica realizada por Capellá Auditores.
- Auditoría de protección de datos.
- Certificación de calidade ISO 9001:2015. ES101245-1 (Bureau Veritas Certification).

2. RECOÑECEMENTOS: DISTINCIÓNS POLO NOSO TRABALLO

- Premio ao compromiso social de la Fundación Pfizer (2007).
- Premio Bip-Bip á mellor páxina web dunha ONG infantil (2007).
- Premio Cruz Roja de boas prácticas en inclusión social (2008).
- Premio Fundación Corresponsables ao mellor proxecto educativo e preventivo dunha ONG (2011).
- Premio Picapeixe ao proxecto “Conecta” na modalidade de proxectos socioeducativos (2012).
- Premio “Ciudadanos” en recoñecemento ao traballo coa infancia e a adolescencia en situacións de dificultade social (2013).
- Premio “Pontevedreses del año” (2013).
- Premio “Buenas prácticas” aos nosos proxectos educativos e preventivos, outorgado por UNICEF España na convocatoria do certame CAI y Buenas Prácticas 2016.
- Mención especial na XXI edición do Premio Tierno Galván á Solidariedade e os valores humanos (2017).
- Premio Cenor a Solidariedade outorgado ao proxecto “Construíndo futuros dende o bo trato” (2017).
- Recoñecemento á Promoción da Parentalidade Positiva para o Programa de Integración Familiar. Otorgado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social e a Federación Española de Municipios e Provincias (2019).



3. CONTEXTUALIZACIÓN DO SERVIZO

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE SOCIAL DETECTADA

Os nenos, nenas e adolescentes, base fundamental do presente e futuro da sociedade, deben ser obxecto dun coidado e atención especial.

Este deber cualificado tradúcese na necesidade de establecer unha regulación específica e recursos apropiados que ofrezan respostas a todas as súas necesidades en atención á súa condición de persoas especialmente vulnerables.

• GALICIA

A resposta ofrecida polo Programa de Integración Familiar iníciase ao redor do **Plan Estratéxico Galego da Infancia e da Adolescencia 2007-2010**, baixo o obxectivo fundamental de reducir o período de estancia dos nenos, nenas e adolescentes nos centros de atención residencial con actuacións de intervención no seu núcleo familiar para favorecer un rápido e eficaz desinternamento; nun dos contidos do **Pacto Galego pola Infancia** asinado o 4 de abril de 2011 por todos os Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia, que foi o **II Plan Estratéxico Galego da Infancia e da Adolescencia 2011-2014**, co obxectivo e previsión de manter dita orientación, de acordo cos com-

promisos de todo o arco parlamentario; ou na **Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia**, que permitiu superar a actual separación entre as medidas destinadas ás persoas menores de idade e as dirixidas ao núcleo familiar, que supón a existencia dun marco fragmentario de protección, especialmente preocupante que dificulta a loita contra a reprodución xeracional da pobreza e contra o abandono escolar temperán, e na **Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia (EGIA 2018-2020)**, un instrumento de planificación das políticas de benestar da Xunta de Galicia dirixidas ao conxunto de nenos, nenas e adolescentes na comunidade autónoma, en coherencia co **Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020**, e ao ser unha estratexia transversal enmárcase fundamentalmente no Eixe 2 do dito plan-Benestar das persoas e as familias e cohesión social-, que afecta a varios obxectivos, entre eles garantir o dereito de todos os nenos e as nenas.

• ESPAÑA

No nivel máis xeral, o **PLAN DE INCLUSIÓN SOCIAL DO REINO DE ESPAÑA 2014-2017**, aprobado o 12 de decembro de 2013, incluíu medidas específicas de redución da pobreza infantil, tendo como principais axentes ás entidades do Terceiro Sector, e no nivel máis específico dábase coherencia e continuidade á previsión dos anteriores co novo **PLAN NACIONAL DE ACCIÓN PARA A INCLUSIÓN SOCIAL 2013-2016 e PROGRAMA NACIONAL DE REFORMAS DE ESPAÑA 2015**, na liña dos seus precedentes, considerando o segundo como un dos impactos previstos en 2015-como en 2014- a “Promoción da defensa da infancia e a adolescencia, en particular dos menores en situación de risco e desamparo”, por medio, en concreto, de “-Maior protección para os menores. - Promover que os nenos vivan en familias e non en centros residenciais”.

O marco de referencia queda así integrado polo **Plan Nacional de Acción para a Inclusión Social, o Plan Integral de Apoio á Familia e o II Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia 2013-2016** (CSR 6.7), do cal continúa en 2015 a implantación e ten entre os seus obxectivos o fomento da atención e a intervención social para apoiar á infancia e adolescencia en situación de risco, discapacidade e/ou en situación de exclusión social.

MARCO NORMATIVO

O marco normativo xustificativo destas actuacións vén definido por:

- O **deber de todos os poderes públicos** de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia e, dentro desta, con carácter singular, a protección integral dos fillos e fillas e a protección aos nenos e nenas nos termos dos acordos internacionais que velan polos seus dereitos, de acordo cos principios reitores recolleitos no **artigo**

39 da Constitución Española, e destacando de entre estes acordos **internacionais**, o **artigo 3º da Convención dos Dereitos do Neno**, conforme ao cal todas as medidas relativas aos nenos que tomen as institucións públicas ou persoais de benestar social, os tribunais, as autoridades administrativas ou os órganos lexislativos deberán dar unha consideración primordial na que se atenderá ao interese superior do neno.

- No **ámbito estatal**, o marco xurídico de protección á infancia e á adolescencia viuse substancialmente modificado no ano 2015 pola **Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia** e pola **Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia**, que modificaron até unha vintena de normas, incluíndo as esenciais Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor e de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil (en diante, LOPXM), e o Código Civil. Modificáronse os artigos referentes ás actuacións de protección nos **artigos 12 e ss. LOPXM** destacando a inclusión dun **novo artigo 19 bis**, sobre garda e tutela, no cal se dá carta de natureza aos programas de integración familiar, ao indicar dentro das “Disposicións comúns a garda e tutela” que “1. Cando a Entidade Pública asuma a tutela ou garda do menor elaborará un plan individualizado de protección que establecerá os obxectivos, a previsión e o prazo das medidas de intervención a adoptar coa súa familia de orixe, incluído, no seu caso, o programa de reintegración familiar”, de maneira que “2. Cando do prognóstico se derive a posibilidade de retorno á familia de orixe, a Entidade Pública aplicará o programa de reintegración familiar, todo iso sen prexuízo do disposto na normativa relativa aos menores estranxeiros non acompañados”. De feito, en concordancia, o novo **artigo 172 ter. do Código Civil** refírese á “reintegración” familiar, e non



á “reinserción”, como antes aludía esa normativa civil.

- No ámbito **autonómico galego**, a normativa mantén un contido esencialmente similar en canto a características protectoras, tanto na **Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento**, en particular as Disposicións relativas ao servizo de educación e apoio familiar (artigos 19 e ss., en particular 19.d, 19.e, e 26.h); como na **Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (artigos 46 e 47)** en relación coa **Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia**, e, en canto toda vía resulta aplicable, o **Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia**, ademais da protección xurídica dispensada polas **normativas específicas** de violencia de xénero ou de igualdade entre homes e mulleres, tanto estatais como autonómicas, ou de dependencia ou responsabilidade penal do menor, así como de protección de testemuñas ou de asistencia xurídica gratuíta, ou modificacións puntuais de normativas autonómicas de menor rango como o Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, entre outras, contribúen a completar o marco normativo de referencia.

MARCO COMPETENCIAL

No ámbito autonómico, a Xunta de Galicia desenvolve a súa política social dentro dun marco de competencias que lle atribúe o seu Estatuto de Autonomía nos apartados 23 e 24 do seu artigo 27. No seu desenvolvemento, a **Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia**, que estende o seu ámbito de aplicación, aos efectos deste marco competencial ás “persoas menores de idade, calquera que fose a súa nacionalidade, que teñan o seu domicilio ou se atopen transitoriamente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia”, de acordo co seu **artigo 37**, atribúe competencias no seu **artigo 41** nos seguintes termos: “1. A Xunta de Galicia, no exercicio das competencias que ten atribuídas en materia de infancia e adolescencia: a) A través do organismo competente en materia de servizos sociais, levará a cabo: 1.º) A protección e asistencia das e dos menores que se atopen en situación de posible desprotección ou desamparo. 2.º) A tutela das persoas menores desamparadas e o exercicio das funcións de protección delas segundo a lexislación vixente”, así como “5.º) A creación e xestión, avaliación e seguimento dos centros e programas necesarios para o desenvolvemento das competencias anteriores”. Estas competencias de protección a persoas menores de idade estiveron atribuídas á **Consellería de Traballo e Benestar** e, posteriormente, á **Consellería de Política Social (Decreto 129/2015, de 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social)**. En concreto, a **Dirección Xeral de Familia e Inclusión** foi substituída en 2015



pola nova **Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica**, con competencias, entre outras, para “a) Exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e adolescencia, segundo o disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, e na Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar” e “b) Protexer e tutelar as persoas menores en situación de risco ou desamparo...” (art. 13.1 do citado Decreto 176/2015, do 3 de decembro).

Neste marco créase o convenio de colaboración entre a citada Administración autonómica, actualmente en vigor, e a FUNDACIÓN MENIÑOS para a realización do PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR, nas súas tres áreas:

- Reunificación Familiar.
- Preservación Familiar.
- Funcionalidade Familiar.

3.1 DENOMINACIÓN

Programa de Integración Familiar.

3.2 PERÍODO DE FUNCIONAMENTO

Memoria correspondente ao ano 2019.

3.3 ÁMBITO TERRITORIAL

O Programa de Integración Familiar é un programa promovido pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, e que desenvolve a Fundación Meniños, en colaboración con todos os axentes implicados na protección á infancia, a través dos equipos de Integración Familiar, situados en cada unha das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia; con sedes na Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

3.4 PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA

Son persoas beneficiarias deste programa as familias e os nenos, nenas e adolescentes propostos pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

O Equipo de Integración Familiar en Galicia está composto por 18 especialistas en Intervención Familiar (4 en Lugo, 3 en Ourense, 6 na Coruña e 5 en Vigo), ademais de persoal de dirección do programa, apoio para tarefas de xestión, calidade e formación, e persoal voluntario para o desenvolvemento de tarefas complementarias coas familias, nenos e nenas.

Traballamos cunha poboación aproximada de 136 familias en curso, que poden estar nalgunha das tres áreas de actuación que cobre o programa.

- **Preservación familiar:** nenos, nenas e adolescentes nunha situación de risco de desprotección, onde a intervención pretende, a través da redución dos factores de risco e a potenciación dos factores de protección, evitar a separación dos nenos e nenas da súa contorna familiar.
- **Reunificación familiar:** nenos, nenas e adolescentes residentes en centros de protección ou en familias de acollida e as súas familias, nas que a intervención pretende unha reunificación familiar definitiva en condicións de seguridade e afecto coa súa familia de orixe.
- **Funcionalidade familiar:** nenos, nenas e adolescentes nunha situación de risco dado as dinámicas de deterioración profunda na que están as súas familias e onde a intervención pretende romper a dinámica e que a familia adquira unha funcionalidade mínima e necesaria con dous obxectivos:

— Pasar posteriormente ás áreas de preservación ou reunificación.

— Que a familia adquira a estrutura, funcionalidade e estabilidade suficientes para que, se non pode facerse cargo dos fillos e fillas, acepte e comprenda a

necesidade dunha separación e poida ser unha referencia positiva para os seus fillos e fillas a través de contactos e visitas, contribuíndo desta maneira a dotar de funcionalidade a todas as familias, evitando situacións de grave desvinculación, precariedade, marxinación e exclusión social.

3.5 OBXECTIVOS DO PROGRAMA

OBXECTIVO XERAL

O programa parte da premisa de que gran parte das familias con algún dos seus membros nun centro de protección ou en situación de risco de que isto ocorra poden, cun apoio idóneo, chegar a superar e solucionar as súas dificultades e crear unhas relacións adaptativas que posibiliten o agrupamento familiar en condicións de seguridade e afecto.

O programa efectúa una intervención familiar integral (psico-socio-educativa) dirixida a todo o sistema familiar, para cambiar en positivo a dinámica familiar, conseguindo unha adecuación parental suficiente, contribuíndo decisivamente á melloría do funcionamento do sistema familiar e de cada un dos seus membros.

O obxectivo xeral nas áreas de preservación e reunificación familiar consiste en recuperar e potenciar os recursos positivos de crianza e corrixir o déficit existente nas familias, de maneira que se garanta o desenvolvemento integral dos nenos e nenas e a cobertura das necesidades básicas por parte das figuras parentais.

O obxectivo xeral na área de funcionalidade é desenvolver un traballo intensivo previo de restablecemento dunha funcionalidade ou adecuación parental mínima, previa á



intervención familiar especializada propia das outras dúas áreas de preservación e reunificación, dirixido a familias nas que se advirte unha grave deterioración familiar, cun nivel de desestruturación de complexidade elevada, que impide que poidan recuperar condicións protectoras nos dous anos previstos de intervención.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Contribuír, a nivel teórico, a un coñecemento máis preciso das necesidades derivadas das situacións de risco e desprotección, promovendo a investigación e a innovación para a mellora continua das estratexias e técnicas de intervención.

2. **Reunificación Familiar:** mellorar a situación socio-persoal dos nenos, nenas e adolescentes atendidos, intervindo directamente nos seus núcleos familiares de referencia para favorecer un pronto e eficaz desinternamento; ou reincorporación desde familia acolledora.

2.1. Promovendo cambios na familia de orixe ou extensa, que permitan o retorno do neno ou nena ao fogar e estimulando a participación activa da familia na mellora da súa situación familiar.

2.2. Promovendo cambios nos nenos, nenas e adolescentes para facilitar a súa integración social e familiar e actuando terapéuticamente para minimizar e reparar as posibles consecuencias negativas da súa historia vital.

2.3. Consolidando as reunificacións co apoio técnico necesario.

2.4. Propondo e preparando outras medidas que supoñan cambios que melloren a situación dos nenos e nenas atendidos no Programa, se a reunificación en familia de orixe non é posible.

3. **Preservación Familiar:** potenciar os recursos protectores das familias e corraxir os seus déficits para prever e evitar a separación do neno ou nena da súa contorna familiar.

3.1. Promovendo e consolidando cambios na familia de orixe ou extensa que eviten o separación do neno ou nena da súa contorna familiar.

3.2. Realizando unha intervención temperá nos núcleos familiares que facilite e reforce o adecuado desenvolvemento psico-socio-educativo dos nenos, nenas e adolescentes.



4. **Funcionalidade Familiar:** promover a funcionalidade familiar mínima ou adecuación parental mínima, para que os pais e nais constitúan unha referencia positiva para os seus fillos e fillas, cando hai graves problemas de desvinculación e precariedade.

5. Colaborar coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización demográfica da Consellería de Política Social e co conxunto da rede, co fin de mellorar o sistema de protección á infancia en dificultade social, especialmente nas situacións de malos tratos infantís.

5.1. Coordinándose cos ETM dependentes da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

5.2. Colaborando co persoal de dirección e educación dos centros de menores que participen no Programa.


5.3. Coordinándose con todas aquelas instancias que teñan que ver cos casos atendidos.

4. CASOS ATENDIDOS NO 2019

4.1 NENOS, NENAS E ADOLESCENTES ATENDIDOS EN INTEGRACIÓN FAMILIAR

O número de nenos, nenas e adolescentes atendidos no 2019 foi de 365.


Nenos e Nenas atendidos



Nenos e nenas atendidas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Reunificación familiar	13	37	22	52	124
Preservación familiar	65	41	36	40	182
Funcionalidade	30	12	12	5	59
TOTAL	108	90	70	97	365

O **nº total de familias**¹ atendidas durante o 2019 foi de 201 distribuíndose por áreas de intervención e provincias da seguinte forma:

Familias Atendidas



Familias atendidas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Reunificación familiar	8	24	13	29	74
Preservación familiar	37	19	16	21	93
Funcionalidade	20	5	5	4	34
TOTAL	65	48	34	54	201

¹ Todos os datos das “familias” se complementan nas tablas correspondentes co detalle da diferenciación do xénero das persoas que as compoñen.

4.2 NENOS, NENAS E ADOLESCENTES EN LISTA DE ESPERA PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR A 31/12/2019

Nenos e nenas en espera	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
TOTAL	38	21	-	10	69

Familias en espera	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
TOTAL	22	14	-	7	43

4.3 DATOS ÁREA DE REUNIFICACIÓN FAMILIAR

Traballamos para mellorar a situación socio-familiar e persoal dos nenos, nenas e adolescentes que tiveron que ser separados das súas familias e residen en centros de acollida ou en familias acolledoras. Intervimos directamente nos seus núcleos familiares de referencia para favorecer a reunificación familiar.

1. Nenos, nenas e familias atendidas na área de reunificación no ano 2019:

Nenos e nenas atendidas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nenos	7	27	14	23	71
Nenas	6	10	8	29	53
TOTAL	13	37	22	52	124

Os 124 nenos e nenas atendidos en 2019 corresponden a 74 familias.

Familias atendidas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Homes	7	16	8	22	53
Mulleres	8	22	13	22	65
TOTAL familias	8	24	13	29	74

Do total de 74 casos atendidos en 2019, entraron como novos casos da área de Reunificación Familiar os seguintes.

2. Nenos e nenas dados de alta en 2019 (casos novos)

Altas nenos e nenas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Reunificación familiar	2	15	8	16	41
Nenos	1	11	6	7	25
Nenas	1	4	2	9	16

Os 41 nenos e nenas dados de alta en 2019 corresponden a 27 familias.

Altas familias	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Reunificación familiar	2	10	6	9	27
Homes	1	6	3	5	15
Mulleres	2	10	6	6	24

3. Nenos, nenas e familias dados de baixa en 2019

Do total de nenos e nenas cos que se traballou durante 2019, finalizouse a intervención con 39 nenos, nenas e adolescentes, coa seguinte distribución por provincias:

Baixas nenos e nenas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Reunificación familiar	3	15	4	17	39
Nenos	1	11	-	7	19
Nenas	2	4	4	10	20

Os 39 nenos e nenas dados de baixa en Reunificación Familiar corresponden a 23 familias, distribuíndose por familias da seguinte forma:

Baixas familias	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Reunificación familiar	2	10	4	7	23
Homes	2	6	3	6	17
Mulleres	2	9	5	5	21

4. Nenos, nenas e familias en curso a 31 de decembro de 2019

A 31 de decembro de 2019 o número de nenos, nenas e adolescentes cos que se seguía a traballar era de 86 na área de reunificación familiar.

Nenos e nenas en curso (decembro)	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nenos	6	16	14	16	52
Nenas	4	6	4	20	34
TOTAL	10	22	18	36	86

Os 86 nenos e nenas que seguían en curso a 31 de decembro de 2019 corresponden a 51 familias, distribuíndose por provincias da seguinte maneira:

Familias en curso (decembro)	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Reunificación familiar	6	14	9	22	51
Homes	5	10	5	16	36
Mulleres	6	13	8	17	44

4.4 DATOS ÁREA DE PRESERVACIÓN FAMILIAR

Potenciamos os recursos protectores das familias, promovendo cambios que eviten a separación dos nenos e das nenas do seu ambiente familiar.

1. Nenos, nenas e familias atendidas na área de preservación no ano 2019

Nenos e nenas atendidas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nenos	25	26	19	24	94
Nenas	40	15	17	16	88
TOTAL	65	41	36	40	182

Os 182 nenos e nenas atendidos en 2019 correspóndense a 93 familias.

Familias atendidas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Homes	20	10	8	14	52
Mulleres	39	17	16	21	93
TOTAL familias	37	19	16	21	93

Do total dos 93 casos atendidos en 2019, entraron como novos casos da área de Preservación Familiar os seguintes.

2. Nenos, nenas e familias dados de alta no ano 2019 (casos novos)

Altas nenos e nenas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Preservación familiar	11	15	15	17	58
Nenos	3	11	5	14	33
Nenas	8	4	10	3	25

Os 58 nenos e nenas dados de alta en 2019 corresponden a 26 familias, distribuíndose por provincias da seguinte maneira:

Altas familias	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Preservación familiar	7	8	5	6	26
Homes	4	3	3	4	14
Mulleres	7	8	5	6	26

3. Nenos, nenas e Familias dadas de baixa no ano 2019

Foron dados de baixa 78 nenos e nenas coa seguinte distribución por provincias:

Baixas nenos e nenas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Preservación familiar	37	19	10	12	78
Nenos	15	13	6	6	40
Nenas	22	6	4	6	38

Os 78 nenos e nenas dados de baixa durante o 2019 corresponden a 37 familias, distribuíndose por provincias da seguinte maneira:

Baixas familias	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Preservación familiar	17	8	5	7	37
Homes	10	3	1	5	19
Mulleres	17	8	5	6	36

4. Nenos, nenas e familias en curso a 31 de decembro de 2019

A 31 de decembro de 2019 o número de nenos, nenas e adolescentes cos que se seguía traballar era 104 en Preservación familiar.

Nenos e nenas en curso (decembro)	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nenos	10	13	13	18	54
Nenas	18	9	13	10	50
TOTAL	28	22	26	28	104

Os 104 nenos e nenas que seguían en curso a 31 de decembro de 2019 corresponden a 56 familias, distribuíndose por provincias da seguinte maneira:

Familias en curso (decembro)	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Preservación familiar	20	11	11	14	56
Homes	10	7	7	9	33
Mulleres	22	9	11	15	57

4.5 DATOS ÁREA DE FUNCIONALIDADE FAMILIAR

Intervimos coas familias para romper a dinámica de deterioro grave e que a familia adquira a funcionalidade mínima necesaria para constituír unha referencia positiva para os seus fillos e fillas.

1. Nenos, nenas e familias atendidas na área de funcionalidade no ano 2019

Nenos e nenas atendidas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nenos	13	7	8	3	31
Nenas	17	5	4	2	28
TOTAL	30	12	12	5	59

Os 59 nenos e nenas atendidos en 2019 corresponden a 34 familias.

Familias atendidas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Homes	11	1	2	2	16
Mulleres	21	4	5	3	33
TOTAL familias	20	5	6	4	34

2. Nenos, nenas e familias dados de alta no ano 2019 (casos novos)

Altas nenos e nenas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Funcionalidade Familiar	12	-	3	2	17
Nenos	8	-	1	1	10
Nenas	4	-	2	1	7

Os 17 nenos e nenas dados de alta en 2019 corresponden a 10 familias, distribuíndose por provincias da seguinte maneira:

Altas familias	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Funcionalidade familiar	7	-	2	1	10
Homes	3	-	0	0	3
Mulleres	7	-	2	1	10

3. Nenos, nenas e familias dados de baixa no ano 2019

Foron dados de baixa 27 nenos e nenas coa seguinte distribución por provincias:

Baixas nenos e nenas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Funcionalidade familiar	12	6	7	2	27
Nenos	3	3	5	1	12
Nenas	9	3	2	1	15

Os 27 nenos e nenas dados de baixa durante o 2019 corresponden a 18 familias, distribuíndose por provincias da seguinte maneira:

Baixas familias	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Funcionalidade familiar	9	4	3	2	18
Homes	5	1	1	1	8
Mulleres	10	3	3	2	18

4. Nenos, nenas e familias en curso a 31 de decembro de 2019

A 31 de decembro de 2019 o número de nenos, nenas e adolescentes cos que se seguía a traballar era de 32 en funcionalidade familiar.

Nenos e nenas en curso (decembro)	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nenos	10	4	3	2	19
Nenas	8	2	2	1	13
TOTAL	18	6	5	3	32

Os 32 nenos e nenas que seguían en curso a 31 de decembro de 2019 corresponden a 16 familias, distribuíndose por provincias da seguinte maneira:

Familias en curso (decembro)	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Funcionalidade familiar	11	1	2	2	16
Homes	6	0	1	1	8
Mulleres	11	1	2	1	15

5. CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN ATENDIDA: PERFIL

5.1 IDADE DAS PERSOAS REFERENTES FAMILIARES

Idade das persoas referentes	Homes		Mulleres	
20-30 anos	20	16,5%	32	16,7%
31-40 anos	36	29,7%	84	44%
41-50 anos	45	37,3%	51	26,7%
51-60 anos	17	14%	20	10,6%
>60 anos	3	2,5%	4	2%
Total	121		191	

5.2 NÚMERO DE FILLOS E FILLAS

Número de fillos e fillas	Familias	
1	105	52,2%
2	49	24,4%
3	33	16,4%
>3	14	7%
Total	201	

5.3 IDADES DOS NENOS E NENAS COS QUE SE TRABALLOU

Idade dos nenos e nenas	Nenos		Nenas	
0-5 anos	47	24%	32	18,7%
5-10 anos	65	33,2%	49	28,7%
11-15 anos	59	30,1%	51	31%
>15 anos	25	12,7%	37	21,6%
Total	196		169	

5.4 ESTRUCTURA FAMILIAR

Estrutura das familias atendidas		
Monoparental home	22	10,9%
Monoparental muller	84	41,8%
Reconstituída	23	11,6%
Nuclear (nai, pai, fillas e fillos)	62	30,8%
Familia Extensa	10	4,9%
Total	201	

5.5 NIVEL FORMATIVO DAS PERSOAS REFERENTES

Nivel formativo	Homes		Mulleres	
	Count	%	Count	%
Non sabe ler ni escribir	3	2,5%	4	2%
Sabe ler e escribir	15	12,4%	13	6,8%
Primaria	71	58,7%	118	61,8%
ESO	13	10,7%	22	11,5%
Bacharelato, ciclo medio ou superior	13	10,7%	21	11%
Grado, diplomatura ou licenciatura	3	2,5%	9	4,9%
Descoñécese	3	2,5%	4	2%
Total	121		191	

5.6 SITUACIÓN LABORAL

Situación laboral	Homes		Mulleres	
	Count	%	Count	%
Traballando	65	53,3%	72	37,9%
Desemprego	15	12,5%	28	14,6%
Percibindo subsidios	28	22,8%	70	36,6%
Traballo sen contrato	12	10%	17	8,9%
Inactivo	1	0,8%	4	2%
Total	121		191	

5.7 INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR

Por debaixo do limiar da pobreza		Por enriba do limiar da pobreza	
138	68,6%	63	31,4%

O limiar de pobreza segundo datos de ECV do INE, situouse no 2018 en 8.871 € anuais para fogares unipersoais e 18.629 € para fogares con dúas persoas adultas e 2 persoas menores de idade.

5.8 PROFESIÓNS DAS PERSOAS ADULTAS DE REFERENCIA

Profesión	Homes		Mulleres	
Sector primario: agricultura, gandería, pesca, forestal e mineiro	24	19,8%	11	5,7%
Sector secundario: industria, construción, enerxía	39	32,2%	16	8,4%
Sector terciario: transporte, comunicación, sanidade, educación, empregada do fogar e coidadora	39	32,2%	117	61,2%
Non teñen un sector profesional definido	19	15,8%	47	24,7%
Total	121		191	

5.9 VIVENDA

Condicións do domicilio familiar

Condicións domicilio		
Moi malas	7	3,5%
Malas	22	11%
Aceptables	114	56,6%
Óptimas	47	23,4%
Non se coñece	11	5,5%
Total	201	

Contorna do domicilio

Contorna do domicilio		
Urbano	132	65,7%
Semiurbano	39	19,4%
Rural	30	14,9%
Total	201	

5.10 MOTIVO DA INTERVENCIÓN

Motivos	Familias	
Dificultades de saúde física das persoas proxenitoras; enfermidade física, discapacidade (mental, física, sensorial)	9	4,5%
Dificultades psicosociais das persoas proxenitoras: trastorno emocional, trastorno psíquico, toxicomanías, alcoholismo	45	22,4%
Dificultades relacionais, conflictividade familiar entre a parella, cos fillos e fillas, illamento social, violencia intrafamiliar	56	27,8%
Maltrato ou negligencia sobre os fillos e as fillas	75	37,3%
Precariedade económica e laboral	8	4%
Outros	8	4%

* Escolleuse o motivo principal da derivación, aínda que é común que nos sistemas familiares cos que se traballa se dean dous ou máis correlacionadamente.

5.11 HISTORIA DE VIDA DAS PERSOAS REFERENTES

HISTORIA DE DANO EMOCIONAL	HOMES		MULLERES	
Existencia de vivencias traumáticas na infancia (abandono, maltrato, institucionalización prolongada)	59	48,7%	153	80%
Existencia de vivencias traumáticas na idade adulta (relacionadas coa emigración, violencia de xénero, consumos..)	50	41,3%	90	47%
Non existe ou descoñécese	36	29,7%	26	13,6%

*As persoas atendidas, poden presentar vivencias de trauma en infancia e en idade adulta.

	Alto	Medio	Baixo	TOTAL
Grao de Conciencia do problema	55	95	51	201
Motivación para o cambio	65	84	52	201

Persoa de referencia na intervención		
Muller (nai, acolledora, coidadora...)	114	56,7%
Home (Pai, acolledor, coidador...)	26	13%
Ambos	61	30,3%
TOTAL	201	

Á luz dos datos expostos, podemos extraer as seguintes conclusións que nos parecen significativas:

- Un ano máis, **o desequilibrio de xénero está presente**, predominando na poboación atendida, as familias monomarentais (41,8%), ademais, continúan a ser as mulleres as persoas de referencia nas intervencións, e polo tanto, na maioría dos casos as promotoras dos cambios. Dende a Fundación estase a promover formación específica no persoal técnico que posibilite a identificación de marxes de mellora na intervención levada a cabo dende o programa.
- Resulta de interese resaltar na análise da mostra, como, a pesar de que en máis do 60% das familias hai polo menos un membro traballando, a porcentaxe de familias que **viven por debaixo do limiar da pobreza**, alcanza case o 70%. O que da conta dunha situación laboral precaria que non cubre as necesidades familiares.
- En relación a historia de vida das familias atendidas, resulta relevante unha vez máis que un 80% das mulleres e case un 50% dos homes, teñan unha **historia de dano emocional en infancia**, que en moitos casos, ten unha réplica do sufrimento en idade adulta. Na maioría dos casos, a pegada de estas vivencias de trauma, é a responsable das dificultades destas persoas coas que traballamos para desenvolver de maneira axeitada as súas habilidades parentais, e traballar sobre esta pegada, resulta de vital importancia se queremos conseguir cambios duradeiros.



6. ACTUACIÓNS E PROCESO DE INTERVENCIÓN

6.1. PREMISAS TEÓRICAS DO PROCESO DE INTERVENCIÓN

O Programa parte da premisa de que gran parte das familias con algún dos seus membros nun centro de protección ou en situación de risco de que isto ocorra, poden cun adecuado apoio, chegar a solucionar as súas dificultades e crear unhas relacións adaptativas que posibiliten o agrupamento familiar en condicións de seguridade e afecto.

Este Programa ofrece unha intervención familiar integral (psico-socio-educativa) flexible, adaptada a cada sistema familiar, cunha visión sistémica que entende o conflito como oportunidade, actúa sobre o potencial de cambio das persoas e os sistemas, incide na dimensión social e relacional do ser humano e atende os estados mentais e necesidades emocionais das persoas.

• A infancia como prioridade

O modelo réxese polo interese superior no neno ou a nena, tendo prioridade a avaliación das súas necesidades e a atención adecuada a elas.

Búscase responder á necesidade máis básica e fundamental para un desenvolvemento san e positivo: dispor dun fogar que proporcione seguridade emocional e física. Por iso, o traballo céntrase en promover os recursos dispoñibles que garantan a experiencia dun apego seguro, caracterizado pola capacidade dos pais ou persoas responsables de coidar, protexer, guiar e ofrecer estrutura, escoitar e responder as demandas da nena ou do neno.

• Énfase na familia como sistema

A familia concíbese como un sistema aberto, dinámico e en continuo proceso de cambio: posúe unha estrutura, unha orde, unhas regras, un modo de funcionar propio e necesariamente cambiante en función de cambios externos ou cambios evolutivos propios do seu ciclo vital.

Os momentos de transición dunha etapa a outra son os de maior risco polas readaptacións de funcións e de relacións que implican. Por isto, a clave da intervención virará en todo momento ao redor da creación de estruturas e dinámicas de relación flexi-



bles que posibiliten a adecuación aos diferentes momentos evolutivos do ciclo de vida familiar. As situacións de conflito e dificultade mantéñense ou empeoran, ademais de por factores contextuais (pobreza, marxinación, crise económica, etc.), por unha estrutura familiar determinada. O traballo céntrase en flexibilizar e modificar esta estrutura para ofrecer á familia, sobre todo aos nenos e as nenas, seguridade, afecto e protección. Facemos que esa estrutura sexa funcional para todo o núcleo familiar.

• **Enfoque relacional e de colaboración: respecto ás familias**

O traballo céntrase en crear un contexto de intervención que axude ás familias a dar sentido e integrar as súas vivencias e que mellore os seus recursos para proxectarse de forma positiva no futuro. Trátase de xerar un marco relacional e de axuda, capaz de conxugar os intereses de cada neno e nena, da súa familia e da comunidade. Para iso, búscase:

- Coñecer a visión do mundo que ten a familia, dende o respecto, a ausencia de prexuízos e a escoita activa.
- Fomentar a voluntariedade e participación de cada un dos membros do sistema familiar; intervención globalizadora e non disgregadora.
- Fomentar autonomía e responsabilización: tentamos empoderar e facer ás familias axentes do seu propio proceso de cambio, fuxindo de paternalismos. A atribución do éxito recae nelas. Facémolas partícipes e corresponsables no proceso e no resultado.
- Converternos e convertelas en axentes dadores de Bo Trato.
- Un equilibrio adecuado e sensible entre o labor de apoio e control: a intervención supervisará continuamente o grao de protección do neno, nena ou adolescente, tratando de establecer un clima de axuda e colaboración e non só de control.

• **Traballo centrado nos recursos e na capacidade**

Toda familia ten **potencial de crecemento e adaptación**. A capacidade dunha familia distribúese nun continuo; non existen descrições categóricas de “competente” e “incompetente”. O traballo céntrase en identificar e reforzar os aspectos positivos das familias, empoderándoas como axentes de cambio. O foco non é tanto diagnosticar os déficits ou disfuncións, senón considerar estes como formas de afrontamento da familia que non son eficientes ou que aínda tendo sido eficientes inicialmente, deixaron de selo.

• **Seguridade emocional nos nenos e nenas**

As condicións de descoido, malos tratos e abuso que sufriron os nenos, nenas e adolescentes en desprotección poden xerar dificultades emocionais relacionadas coa maior ou menor intensidade e duración das experiencias negativas e de ruptura traumática das relacións de vínculo temperá. As experiencias de crianza nas que se fractura a conduta de coidado, afecto e seguridade parentais, poden provocar secuelas que afecten profundamente ao desenvolvemento emocional, de conduta e relacional.

Desde o punto de vista da intervención, centrámonos en modelos teóricos que explican o mecanismo de funcionamento das condutas de apego e de resposta ao trauma e ofrécennos instrumentos e modelos para estudar retrospectivamente as experiencias de apego tanto das persoas referentes como dos nenos e nenas

(transmisión interxeracional na conduta de apego), e estratexias e alternativas para reparar os danos que esas experiencias puideron provocar.

• **Enfoque ecosistémico: traballo en rede**

Enténdese ás familias como un sistema que funciona nun contexto determinado, interactuando con outros sistemas dentro da comunidade e do sistema sociocultural no que conviven. A situación de dificultade dunha familia non é, por tanto, resultado só da súa estrutura senón tamén da relación co sistema de servizos comunitarios, do nivel de apoio e conexión social, e do sistema de crenzas socioculturais da sociedade na que vive.

A situación familiar compréndese desde un marco integrador que engloba a rede de sistemas e as relacións entre eles. Por iso, as necesidades das familias abórdanse a través dun traballo en rede, potenciando as relacións de colaboración con outros servizos e organismos cos que a familia se relaciona ou que poidan ter unha influencia nela.

• **Enfoque de recoñecemento do dano**

Entender cales son as historias de vida e vinculación das familias coas que traballamos, facilítanos como profesionais manter unha mirada apreciativa, e permítenos axudar as persoas a aumentar a consciencia sobre as súas accións e darlle un novo significado ao que lles pasa, reducindo a súa culpabilidade e aumentando a súa axentividade.

6.2. PROCESO DE INTERVENCIÓN

PROCESO DE INTERVENCIÓN FAMILIAR

Fases:

- A. ADMISIÓN.
- B. AVALIACIÓN E ELABORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN.
- C. INTERVENCIÓN.
- D. SEGUIMIENTO DE ACTUACIÓNS.
- E. ENTREGA.
- F. COORDINACIÓN E SEGUIMIENTO.
- G. SATISFACCIÓN DE PERSOAS USUARIAS.
- H. SATISFACCIÓN DE CLIENTES.

A continuación, de forma esquemática descríbense as Fases do Programa.



A. ADMISIÓN

Definindo con claridade a demanda do derivante, os obxectivos parciais, e o obxectivo xeral da intervención.

B. AVALIACIÓN E ELABORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN (PA)

Establécese un tempo máximo de valoración, que finalizará coa elaboración do Plan de Actuación Familiar (PA) para cada familia, acordado entre todas as partes implicadas, e que delimite os obxectivos a traballar, as persoas destinatarias, os resultados esperados, os prazos aos que se debe axustar a intervención e os resultados a obter.

C. INTERVENCIÓN

Os tipos de intervención que se presentarán a cada unha das familias do programa, en función das súas necesidades, son:

- **Intervención Psicosocial:** transmitindo estratexias que melloren o funcionamento persoal, familiar e social, a través de actividades educativas e de fomento da participación social.
- **Atención Infantil:** para garantir a convivencia familiar dos nenos e nenas en condicións de seguridade, estabilidade e afecto.
- **Educación Familiar:** para a adquisición de habilidades e hábitos orientados a cubrir as necesidades dos nenos, nenas e adolescentes.
- **Terapia Familiar:** para resolver problemas psicolóxicos, relacionais e condutuais das persoas participantes no programa.
- **Voluntariado:** reforzo personalizado para nenos, nenas e adolescentes e familias (apoio escolar, respiro familiar...) impartido por persoal voluntario de Meniños.

D. SEGUIMIENTO DE ACTUACIÓN

Co obxecto de garantir que se compren os obxectivos sinalados no PA, e que as actuacións realizadas cobren as necesidades detectadas.

E. ENTREGA

Informe das actuacións realizadas e situación final dos obxectivos traballados no PA.

F. COORDINACIÓN E SEGUIMIENTO POST-ENTREGA

Establece un procedemento de coordinación entre os dispositivos da rede de Atención á Infancia e Familia, e un seguimento dos casos posterior á entrega do informe final.

G. SATISFACCIÓN DE PERSOAS USUARIAS

Procedemento para avaliar o grado de satisfacción das persoas participantes nos programas.

H. SATISFACCIÓN DE CLIENTES

Procedemento para avaliar o grado de adecuación das intervencións ás esixencias da Administración contratante.



6.3. ACTUACIONES

Para cubrir os obxectivos do programa ofrécense os seguintes servizos:

- **Análise e valoración** da situación e problemática psicosocial dos nenos e nenas e as súas familias para a adopción das medidas de intervención familiar máis adecuadas a cada caso, ou proposta doutras medidas de protección alternativas.
- **Asesoramento e orientación familiar:** a través de entrevistas individuais e de grupo orientadas a transmitir estratexias para mellorar o funcionamento familiar e persoal co obxectivo de xerar cambios na conduta, sentimentos ou actitudes das persoas participantes e/ou nas condicións de vida do grupo familiar e para o establecemento dunha relación de uso normalizado cos recursos sociais comunitarios e específicos.
- **Intervención psicosocial:** a través de actuacións de inserción social da familia na súa comunidade social de referencia e coa familia extensa, co obxectivo de reconectar ás familias e aos nenos e nenas nas redes de apoio social e inserción laboral.
- **Terapia Familiar:** a través de entrevistas individuais ou de grupo centradas nas relacións e nas condutas que inflúen nas interaccións entre as persoas, co obxectivo de aliviar e resolver dificultades psicolóxicas, de relación e/ou de conduta das persoas participantes no programa.
- **Educación familiar:** actuacións orientadas á adquisición, por parte das familias, das habilidades parentais necesarias para a idónea atención e coidado dos nenos, nenas e adolescentes, co obxectivo de conseguir que as familias adquiren as habilidades e hábitos adecuados para atender ás necesidades físicas, afectivas, de organización familiar e adecuada resposta ás condutas dos seus fillos e fillas.
- **Atención infantil:** intervencións centradas na preparación do neno ou nena que ten que afrontar situacións de cambio. O obxectivo é traballar co neno ou nena que vai pasar por unha situación de cambio (acollemento, adopción, desinternamento, etc.) para minimizar no posible o impacto que levan estas situacións, e realizar as intervencións necesarias que lles permitan tomar conciencia da súa historia persoal, reparar o dano sufrido, resolver o nivel de conflictividade e restaurar os vínculos adecuados coa súa familia.
- **Asesoramento técnico:** aos servizos sociais comunitarios na atención dos nenos e nenas e das súas familias.
- **Emisión de informes** psicolóxicos, sociais ou psicosociais das actuacións realizadas

coas familias participantes no programa.

- **Colaboración** cos recursos sociais, educativos e sanitarios para a atención integral dos nenos, nenas e adolescentes.
- **Formación continua e divulgación do programa:** implántanse plans de formación continua para os equipos técnicos e accións de formación externa para profesionais doutros servizos relacionados coa protección á infancia.

6.4. ACCIÓNS FORMATIVAS E DIVULGATIVAS

A continuación relátanse as accións formativas internas e externas desenvolvidas durante o ano 2019.

Accións formativas internas recibidas polo persoal técnico dos Equipos de Integración:

- “Construyendo relaciones en familias adoptivas. Hablando sobre los orígenes” 5h. Organizada pola Fundación Meniños.
- “Perspectiva de género en intervención social”. 7h. Organizada pola Fundación Meniños.
- “Entendiendo la Traumatización Compleja”. 5h. Organizada pola Fundación Meniños.
- “Gestión de conflictos”. 7h. Organizada pola Fundación Meniños.

Accións formativas externas recibidas por el persoal técnico de los Equipos de Integración:

- “Xornadas sobre renda básica da Coruña”. 5h. Organizadas pola Universidade da Coruña.
- Xornada “Unha análise da realidade: a fenda salarial”. 5h. Organizadas pola Universidade de Vigo.
- Curso “Construyendo una nueva vida. Atención integral a mujeres y sus hijos e hijas víctimas de violencia de género”. 24h. organizado pola Fundación “la Caixa”, Madrid.

- Curso “Intervención psicológica en adultos con trauma por abuso sexual infantil”. 25h. Organizado pola Fundación Vicky Bernadet.
- “Regulación emocional e terapia centrada na compaixón”. 16h. Organizado polo Colexio de Psicoloxía, Santiago de Compostela.
- Curso “Familias Monoparentais e loita contra a pobreza e a exclusión social”. 5h. Organizado pola Xunta de Galicia.

Accións formativas externas impartidas para difundir a labor dos Equipos de Integración:

- Curso “Procedimiento de análisis y elaboración del plan de actuación del PIF de Fundación Meniños. Metodología y recursos”. 7h. Viana do Castelo (Portugal).
- Charla “Intervención con familias e menores en situación de risco”. 2,5h. Organizada por o IES Politécnico de Lugo.
- Charla “A Parentalidade positiva”. 1,5h. Organizada polo CEIP Covas de Viveiro (Lugo).
- Curso “Trabajando historia de vida en personas en situación de vulnerabilidad y exclusión social” 30h. Organizado por a Escuela de Innovación y Formación de Murcia.
- Curso “Familia e infancia os dereitos dos nenos e das nenas: O traballo socio-educativo coas familias en risco de exclusión: os dereitos dos nenos e as nenas”. 2h. Organizado pola USC. Facultade de Ciencias de la educación.
- Curso “Trabajo con Historia de vida” 10h. Organizado polo Principado de Asturias.
- “Cara unha parentalidade positiva”. 1,5h. Organizado polo Concello de Quiroga.
- “Intervención con familias e menores en situación de risco”. 2h. Organizada por o IES Politécnico de Lugo.

Divulgación do traballo: as actuacións e os resultados

PRESENZA EN MEDIOS PIF 2019	
Medio	Data
La Voz de Asturias	13/01/2019
Cadena COPE	06/02/2019
Cadena SER	07/02/2019
El Progreso	07/02/2019
La Región	08/02/2019
Radio Galega	05/04/2019
Televisión de Galicia	14/04/2019
Radio Voz	14/05/2019
La Voz de Galicia	17/06/2019
Faro de Vigo	05/12/2019
Galicia Press	06/12/2019

Proxectos complementarios ao programa de Integración Familiar

• **Colaboración coa organización “Elfos y Calcetines” (decembro 2019)**

A través da iniciativa “Elfos y Calcetines” os nenos e nenas do programa de Integración Familiar recibiron agasallos de Nadal doados por persoas voluntarias, de forma anónima e a través dos propios pais e nais que son os portadores de devanditos agasallos, contribuíndo así a potenciar o seu protagonismo positivo fronte aos seus fillos e fillas. A organización de “Elfos y Calcetines “ difundiu información sobre Meniños na súa web e en redes sociais durante o período do Nadal.

• **Proxecto “Brújula” Rede de orientación e fortalecemento familiar para familias con nenos e nenas en risco de desprotección (31/12/2018 - 31/12/2019)**

Co proxecto “Brújula” ten como finalidade evitar a separación dos nenos e nenas da súa contorna familiar, cando se producen situacións de risco e/ou desprotección ligadas á situación de exclusión social das súas familias, a través dun apoio e acompañamento para a inclusión social, creando itinerarios personalizados e reactivando un proceso de transformación que mobilice as capacidades e habilidades socio-educativas das familias, e as conecte de novo cos eixos de participación social e laboral.

Obxectivos Xerais:

- Fortalecer as habilidades sociais, educativas e de inclusión social das familias con nenos e nenas en situación de desprotección, a través de dinámicas de grupo e axuda mutua para orientar procesos de redescubrimiento e empoderamento persoal.
- Mellora da súa empregabilidade a través da formación en habilidades dixitais, técnicas de procura activa de emprego, e conexión con circuitos de formación.
- Promover o achegamento das persoas aos recursos de formación, emprego e participación social.
- Promover a autonomía das persoas participantes no proxecto, mellorando o conxunto das súas competencias persoais e sociais para a súa participación activa na sociedade.

Este proxecto lévase a cabo coa financiación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional a través da Xunta de Galicia - Consellería de Política Social.



7. RESULTADOS OBTIDOS 2019

7.1 ÁREA DE REUNIFICACIÓN FAMILIAR

Baixas nenos e nenas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Baixas nenos e nenas	3	15	4	17	39
Nenos	1	11	0	7	19
Nenas	2	4	4	10	20
Permanecen coa súa familia	3	5	2	8	18
Nenos	1	4	0	3	8
Nenas	2	1	2	5	10
Derivados a acollemento ou adopción	0	5	0	6	11
Nenos	0	3	0	2	5
Nenas	0	2	0	4	6
Derivados ETM	0	2	0	3	5
Nenos	0	2	0	2	4
Nenas	0	0	0	1	1
Internados	0	2	2	0	4
Nenos	0	1	0	0	1
Nenas	0	1	2	0	3
Abandono da intervención	0	1	0	0	1
Nenos	0	1	0	0	1
Nenas	0	0	0	0	0


Finalizaron o programa 38 nenos e nenas.

**PERMANECEN
COA SÚA FAMILIA**

**CON PROPOSTA DE ACOLLEMENTO
OU ADOPCIÓN**

DERIVADOS A ETM

INTERNAMENTO



7.2 ÁREA DE PRESERVACIÓN FAMILIAR


Baixas nenos e nenas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Baixas nenos e nenas	37	19	10	12	78
Nenos	15	13	6	6	40
Nenas	22	6	4	6	38
Permanecen coa súa familia	28	11	4	11	54
Nenos	10	7	2	5	24
Nenas	18	4	2	6	30
Derivados a acollemento ou adopción	1	2	2	1	6
Nenos	0	1	2	1	4
Nenas	1	1	0	0	2
Derivados ETM	0	0	0	0	0
Nenos	0	0	0	0	0
Nenas	0	0	0	0	0
Internados	3	3	1	0	7
Nenos	2	2	0	0	4
Nenas	1	1	1	0	3
Abandono da intervención	5	3	3	0	11
Nenos	3	3	2	0	8
Nenas	2	0	1	0	3

Finalizaron o programa 67 nenos e nenas.

**PERMANECEN
COA SÚA FAMILIA**

**CON PROPOSTA DE ACOLLEMENTO
OU ADOPCIÓN**

INTERNADOS



7.3 ÁREA DE FUNCIONALIDADE FAMILIAR

Baixas nenos e nenas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Baixas nenos e nenas	12	6	7	2	27
Nenos	3	3	5	1	12
Nenas	9	3	2	1	15
Cumprimento de obxectivos de derivación	12	6	6	1	25
Nenos	3	3	4	0	10
Nenas	9	3	2	1	15
Abandono da intervención	0	0	1	1	2
Nenos	0	0	1	1	2
Nenas	0	0	0	0	0

Finalizaron a intervención 25 nenos e nenas.

Considerando de forma conxunta as 3 áreas de intervención, a 31 de decembro de 2019, o número de nenos, nenas e adolescentes cos que se seguía traballando era de 222, pertencentes a 123 familias. A súa distribución por áreas de intervención é a seguinte.



CASOS EN CURSO A 31/12/2019

Nenos, nenas e familias en curso	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Reunificación Familiar	10	22	18	36	86
Nenos	6	16	14	16	52
Nenas	4	6	4	20	34
Familias	6	14	9	22	51
Preservación Familiar	28	22	26	28	104
Nenos	10	13	13	18	54
Nenas	18	9	13	10	50
Familias	20	11	11	14	56
Funcionalidade	18	6	5	3	32
Nenos	10	4	3	2	19
Nenas	8	2	2	1	13
Familias	11	1	2	2	16
Totais	56	50	49	67	222
Nenos	26	33	30	36	125
Nenas	30	17	19	31	97
Familias	37	26	22	38	123

7.4. ANÁLISE DE RESULTADOS

Área de Reunificación

Dos 39 nenos e nenas dados de baixa:

- Houbo **1** no que as familias abandonaron a intervención e dos **38** nenos e nenas que finalizaron a intervención:
- O **76%** retomaron a convivencia en familia ou foron proposta de convivencia en contorna familiar.
- **18** nenos e nenas viven coa súa familia de orixe (**47%**) e **11** (**29%**) con proposta de acollemento ou adopción.

- **5** tiveron que ser de novo derivados ao ETM ao ser imposible a reunificación.
- **4** permanecen en internamento.

Área de Preservación

Dos **78** nenos e nenas dados de baixa no 2019; as familias de **11** nenos e nenas, abandonaron a intervención, dos **67** restantes:

- O **80,5%** dos nenos e nenas manteñen a convivencia na súa familia de orixe.
- **7** tiveron proposta de internamento (**10 %**).
- **4** derivados a ETM (**7 %**).
- **6** derivados a acollemento ou adopción (**9,5%**).

Área de Funcionalidade

Finalízase a intervención coas familias de **27** nenos, nenas e adolescentes; as familias de **2** nenos e nenas, abandonaron a intervención:

Con todas as familias restantes (100%), acádanse os obxectivos de intervención, en dous dos expedientes, as melloras acadadas pola familia, permiten o paso do expediente ao programa de reunificación.

Nenos e nenas desinternados durante 2019

Destacar tamén que durante o ano 2019 se foron desinternados 10 nenos e 11 nenas da área de reunificación cos que se segue traballando para consolidar a reunificación e garantir a súa convivencia nun ambiente familiar protector e de bo trato.

8. CALIDADE

8.1. PROXECTO DE MEDICIÓN

Ata agora, para medir a satisfacción de clientes aplicábase un cuestionario anónimo que medía diversos aspectos en canto a coordinación, servizo prestado, satisfacción xeral con Meniños. Isto dábanos unha visión global do grao de satisfacción conseguido que podía ser comparada con medicións anteriores ou entre os diferentes equipos; pero non nos daba información específica sobre aspectos concretos da intervención, máis útiles á hora de coñecer que aspectos son satisfactorios e cales precisamos mellorar.

Por este motivo iniciamos en 2018 un sistema para que o cliente valore cada caso concreto, de modo que podamos tratar os aspectos particulares de esa valoración coa persoa que a fixo.

A valoración lévase a cabo mediante unha “folla de avaliación” que se entrega ao persoal técnico da Administración responsable do caso, ao final da intervención co mesmo, para que puntúe entre 1 e 5 o seu grao de satisfacción coa maneira en que se levou o caso (1 = moi pouca, 2 = pouca, 3 = regular, 4 = moita y 5 = moitísima). No caso de que a puntuación sexa inferior a 4, pídese que explique os motivos de esa puntuación. Cando se da esta circunstancia efectuaranse as accións que a Dirección Técnica especifique, accións que quedarán recollidas nun informe incluíndo as conclusións as que se chegue.

8.2. RESULTADOS

Valoráronse 49 casos entre maio de 2018 e xullo de 2019. Na táboa móstrase a distribución por delegacións.

	Casos Avaliados	%
A Coruña	17	34,7%
Lugo	15	30,6%
Ourense	8	16,3%
Pontevedra	9	18,4%
TOTAL	49	100%

Táboa 1. Participación.

Satisfacción media por equipos

En xeral, valórase que existe moita satisfacción coa intervención que Meniños fai nos casos derivados (media de puntuacións 4,30).




Figura 1. Puntuacións medias.

Por encima da media de Meniños e entre os Equipos de Integración Familiar (EIF) destacan os equipos de A Coruña e Lugo, que son os que máis se achegan a moitísima satisfacción.

Grao de satisfacción por equipos

Equipo	Regular		Moita		Moiísima	
	Frecuencia	%	Frecuencia	%	Frecuencia	%
A Coruña	0	0%	8	47%	9	56%
Lugo	0	0%	5	33%	10	67%
Ourense	3	37%	2	26%	3	37%
Pontevedra	1	11%	6	67%	2	22%
GLOBAL	4		21		24	

Táboa 2. Nivel de satisfacción por equipos.

Como se vía nas puntuacións medias, os equipos da Administración máis satisfeitos co traballo que Meniños fai coas familias derivadas por eles son os de Lugo e A Coruña, nos que hai máis puntuacións de 5 (moitísima satisfacción) que de 4, e ningunha puntuación en regular.

O resto de equipos, podemos dicir que en xeneral están moi satisfeitos coa intervención realizada na maioría dos casos que nos derivaron.

9. INNOVACIÓN

O compromiso coa innovación e a mellora continua é un dos elementos que guía o noso facer dende a Fundación Meniños. A continua inqueda por xerar coñecemento, avaliar programas e incorporar melloras que permitan avanzar na calidade do servizo que se presta as familias, nenos e nenas, nos levou ao longo destes anos a levar acabo dúas investigacións:

- “Avaliación de resultados no Programa de Integración Familiar da Fundación Meniños” (2009). Dispoñible para a súa consulta na páxina web: <https://www.meninos.org/publicaciones tecnicas es.html>.

Esta investigación, pioneira nun programa de integración familiar no noso país, demostrou que os resultados conseguidos co noso modelo mantéñense no tempo en máis do 80% dos casos, mostrando a enorme eficiencia de traballar en intervención familiar.

- “Investigación para la validación y optimización del programa de integración familiar “(2018): un traballo de revisión, validación e optimización do programa á luz do enfoque socioeducativo de mellora das competencias familiares: <https://www.meninos.org/publicaciones tecnicas es.html>

Seguindo esta liña e de cara a dar un paso máis na avaliación de resultados, dende o mes de marzo, o persoal técnico dos distintos equipos, empezou a empregar nas valoracións das familias no momento inicial e final da intervención, cuestionarios validados empiricamente (Rodrigo, M.J , Martín, J.C. y Cabrera, E. (2010). Os datos obtidos coa aplicación de estes formularios, nos permitirá contrastar a eficacia do servizo prestado.

No mes de maio, o Programa de Integración Familiar foi recoñecido polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social como programa promotor de parentalidade positiva.

10. RECURSOS EMPREGADOS

Para o desenvolvemento do Programa dispónse en cada unha das provincias dun Equipo de Integración Familiar, formado por profesionais da psicoloxía, a pedagogía, o traballo social e a educación familiar, especializados en Intervención Familiar.

Composición dos equipos durante o ano 2019

• Equipo de A Coruña

Equipo Técnico: 3 Psicólogas, 2 Traballadoras Sociais, 1 Educador Social.

Persoas Voluntarias: 1.

• Equipo de Vigo

Equipo Técnico: 2 Psicólogas, 2 Educadores Sociais, 1 Traballador Social.

Persoas Voluntarias: 2.

• Equipo de Ourense

Equipo Técnico: 2 Psicólogas, 1 Traballadora Social.

Persoas voluntarias: 3.

• Equipo de Lugo

Equipo Técnico: 1 Pedagoga, 1 Psicóloga, 2 Traballadoras Sociais.

Persoas voluntarias: 2.

O programa conta ademais coa Directora Técnica da Fundación na labor de coordinación e dirección dos equipos e con persoal de administración, comunicación e calidade nas labores de xestión do programa, divulgación e comunicación e mantemento da calidade da intervención.

11. VALORACIÓN GLOBAL DENDE O INICIO DO PROGRAMA

Un ano máis, os resultados obtidos en todas as provincias, sobre todo nas áreas de preservación e Funcionalidade familiar (80,5% en preservación e 100% en funcionalidade) dan conta da utilidade e eficacia do programa. Cómpre sinalar que dende fai uns anos, o éxito no programa de reunificación descendera dende o nacemento do programa en 1992, dun 70% a o 50% de nenos e nenas que retomaban a convivencia coa súa familia de orixe. Para dar algo de luz a estes resultados é imprescindible ter en conta os cambios que se produciron no propio sistema de protección en canto a:

- Aumento de recursos de apoio ás familias que permiten a permanencia do neno ou nena no domicilio, reducindo o número de nenos e nenas que chegan a ter unha medida de protección que implique a separación familiar, aplicando estas medidas en casos de maior complexidade.

Desde o inicio do Programa, ano **1992**, en toda Galicia foron atendidos **3.358** nenos, nenas e adolescentes pertencentes a **1.699** familias. Dos nenos, nenas e adolescentes atendidos, **1.682** corresponderon á área de Reunificación, **1.538** á área de Preservación familiar e **138** á área de Funcionalidade Familiar.

11.1 RESUMO DE RESULTADOS HISTÓRICOS EN REUNIFICACIÓN FAMILIAR

Dos **1.682** nenos e nenas atendidos desde o inicio do Programa, finalizouse a intervención con **1.470**, e **35** foron abandonos do programa. Os resultados foron os seguintes:

	Nº de nenos e nenas	% sobre o total
Desinternados familias de orixe	778	52,92%
Proposta de acollemento ou adopción	374	25,44%
Derivados a outras medidas	318	21,63%

Polo tanto, **1.152** nenos, nenas e adolescentes (un **78,4%**) foron desinternados para unha convivencia familiar na súa familia de orixe (**778**) ou con proposta para outra alternativa familiar (**374**).

A porcentaxe de éxito no traballo en Reunificación Familiar, sitúase neste ano no **52,9%**.

11.2 RESUMO DE RESULTADOS HISTÓRICOS EN PRESERVACIÓN FAMILIAR

Dos **1.538** nenos e nenas atendidos desde o inicio do Programa, finalizouse a intervención con **1.256** e **45** casos foron abandonos do programa.

	Nº de nenos e nenas	% sobre o total
Viven en contorna familiar, na súa familia de orixe	883	70,30%
Con proposta de contorna familiar alternativa	103	8,20%
Derivados a outras medidas	270	21,49%

A porcentaxe de éxito no traballo de Preservación Familiar desde o inicio do programa en 1992, sitúase este momento no **70,30%**.



Memoria 2019

SEDE CENTRAL

A Coruña

Avda. de Cádiz 5, 2º Esq
(Edificio A Milagrosa)
15008 A Coruña

Tlf: 981 269 255
Fax: 981 256 003
meninos@meninos.org

DELEGACIONES

Lugo

Avda. da Coruña 40, 1º
27003 Lugo

Tlf: 982 254 325
Fax: 982 221 662
meninos.lugo@meninos.org

Ourense

Progreso 5, Oficina 6
32005 Ourense

Tlf: 988 234 074
Fax: 988 269 928
meninos.ourense@meninos.org

Pontevedra

Plaza América 2
Edificio Plaza América
Oficinas 2F | 36210 Vigo

Tlf: 986 240 436
Fax: 986 247 759
meninos.pontevedra@meninos.org



/fundacionmeninos



@FMeninos



/FMeninos



/FMeninos

www.meninos.org
www.mundodemilu.org

